



Campaña Municipal "CÓNTAO"

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres

"CÓNTAO" BUSCA O COMPROMISO DE VIGUESES E VIGUESAS PARA DENUNCIAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



A Concellería de Igualdade e a Tenencia de Alcaldía de Vigo veñen de pór en marcha, co gallo do 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a campaña "Cóntao", dirixida a aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres.

Esta nova iniciativa, que busca un compromiso dos cidadáns e das cidadás co deber e o dereito a comunicar casos de violencia contra as mulleres, está vencellada formalmente e supón unha continuación da campaña anterior "Na Violencia de Xénero non hai tregua" na que se incluíu un contador de vítimas de violencia contra as mulleres.

A campaña baséase na entrega dunha documentación informativa para actuar en caso de ser testemuñas dun caso de Violencia contra as Mulleres, e dun símbolo que nos identifique como persoas comprometidas. Deste xeito, implícase a terceiros nun problema que excede o ámbito persoal ou familiar.

Así, coa finalidade de incrementar de xeito obxectivo os avisos de terceiras persoas por malos tratos e de incidir na dimensión social do problema e no carácter público do delito, a Concellería de Igualdade e a Tenencia de Alcaldía de Vigo editan 10.000 caixas coas mensaxes da campaña que conteñen unha tarxeta-carné de compromiso, un colgante para o teléfono móbil e un calendario de mesa cun decálogo de responsabilidade individual.



Campaña Municipal "CÓNTAO"

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



Para o logro dos obxectivos, a campaña busca unha implicación activa das diferentes organizacións e colectivos comprometidos coa loita contra a violencia machista, así como da cidadanía en xeral. Trátase dunha campaña de acción directa e persoalizada na que todos e todas contamos.

DECÁLOGO DA RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL FRONTE Á VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

1. Eu comprométome a avisar á Policía ou aos Xulgados se coñezo un caso de Violencia contra as Mulleres. A Violencia contra as Mulleres é un delito público.
2. Eu comprométome a non xulgar ás vítimas nin xustificar os agresores. Todos os casos de violencia contra as mulleres son perigosos.
3. Eu comprométome a esixir a intervención dos profesionais e da Xustiza no problema de Violencia contra as Mulleres. O tempo non soluciona estes casos.
4. Eu comprométome a atender e informar na medida das miñas posibilidades a mulleres vítimas de violencia.
5. Eu comprométome a combatir o silencio e a complicidade ante as agresións sufridas por mulleres. Debo alentar a quen coñece algún caso a que alerte á Policía ou aos Xulgados.
6. Eu comprométome a contribuír á recuperación da dignidade e da normalidade das mulleres do meu contorno que teñan sufrido malos tratos para non perpetuar a súa condición de vítima.



Campaña Municipal "CÓNTAO"

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



7. Eu comprométome a educar á infancia na igualdade e no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
8. Eu comprométome a promover unha relación de igualdade entre homes e mulleres. A Violencia contra as Mulleres é unha manifestación extrema da desigualdade.
9. Eu comprométome a loitar contra a Violencia de Xénero dende un traballo comunitario e intercultural independentemente de que sexa home ou muller.

10. EU CONTO

MENSAXES:

- Se coñeces un caso de violencia contra unha muller. Cóntao.
- Se axudaches á vítima anteriormente e esta perdoou ao agresor, non te enfades con ela nin lle retires o teu apoio.
- Non xulgues á vítima nin xustifiques ao agresor. Todos os casos de violencia contra as mulleres son perigosos.
- Na Violencia contra as Mulleres, todos e todas contamos.
- CÓNTAO. Evitar a Violencia contra as Mulleres é un compromiso de todos e todas.
- CÓNTAO. Fronte a Violencia contra as Mulleres, colaboración cidadá.



Campaña Municipal "CÓNTAO"

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



- CÓNTAO. Unha muller agredida necesita o teu apoio incondicional.
- CÓNTAO. Teléfono de Emerxencia :112. Máis información no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller : 986 293 963.
- EU CONTO. Avisar se coñezo un caso de violencia contra unha muller é a miña responsabilidade.
- EU CONTO. E se mañá está morta?
- CONTA CONMIGO. Se sofres violencia podo axudarte.

FUNDAMENTOS:

Segundo os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial de España, no primeiro trimestre de 2008 soamente un 0,6 por cento das denuncias por casos de Violencia contra as Mulleres foron presentadas por servizos de asistencia ou terceiros en xeral. ("La violencia contra la mujer en la estadística judicial." Xuño 2008).

O 97,5 por cento das chamadas de denuncia ao teléfono 016 son feitas polas propias vítimas ou polo seu contorno máis próximo(familiares e amigas). (Axencia EFE, 26 de agosto de 2008)

Despois do caso do profesor Neira, unha enquisa na Comunidade de Madrid indicou que nove de cada dez persoas aseguran que actuarían en caso de ser testemuñas dun acto de Violencia contra as Mulleres.



Campaña Municipal “CÓNTAO”

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



O delito de malos tratos é de carácter público (artigo 153 do Código Penal) e pode e debe ser perseguido de oficio. Segundo o artigo 101 da Lei de Enxuízamento Criminal, a acción penal é pública e “todos os cidadáns españoles poderán exercitala con arreglo ás prescricións da Ley”. No artigo 259 indícase que “quen presenciare a perpetración de calquera delito público está obrigado a poñelo inmediatamente en coñecemento do Xuíz de Instrución, de Paz, Comarcal ou Municipal, ou Funcionario Fiscal máis próximo ao lugar en que se atope”. Hai, polo tanto, un dereito e un deber de denunciar.

O feito de comunicar ás autoridades xudiciais ou á Policía un caso de Violencia de Xénero non implica ter que probalo. Correspoden a ditas autoridades o inicio dun procedemento de oficio e dunha investigación.

UN TOTAL DE 57 VÍTIMAS DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO, TRES EN GALICIA

O número de mulleres asasinadas pola súa parella ou ex parella no que vai de ano ascende a 57, segundo os datos aportados polo Ministerio de Igualdad, a través do seu Gabinete de Prensa. Agosto foi o mes no que se produciron máis vítimas, cun total de dez mulleres asasinadas, seguido de xaneiro e febreiro nos que se rexistraron 7 vítimas cada mes.



Campaña Municipal “CÓNTAO”

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



Pola súa parte, en marzo rexistráronse 4 vítimas; en abril 3; en maio 3; en xuño 5; en xullo 3; en setembro 6; en outubro 6, e no que vai do mes de novembro, foron asasinadas 3 mulleres. Tres dos 57 asasinatos produxéronse en Galicia (un en Cangas en xaneiro, outro en Vigo en agosto e o terceiro en Vilaboa (Pontevedra) hai tan só uns días.

Ademais, a Concellería de Igualdade realiza un seguimento dos casos que se atopan en investigación, que na actualidade son catro en diferentes puntos de España.

ACTUALIZACIÓN DO MARCADOR DA RÚA DO PRÍNCIPE

O marcador dixital foi instalado polo departamento que dirixe Iolanda Veloso na confluencia das rúas Ronda de Don Bosco e Príncipe para lembrar ás mulleres asasinadas e facer visible este grave problema nun lugar estratéxico da cidade, por onde pasan miles de persoas ao día.

A actualización dos datos do marcador realízase con cifras oficiais procedentes do Ministerio de Igualdad, que aporta o número real de vítimas. Para realizar o seguimento das mulleres asasinadas pola súa parella, a Concellería de Igualdade mantén un permanente contacto con este ministerio.

En canto se produce a confirmación de que se trata dun novo caso de Violencia contra as Mulleres, o marcador é actualizado, non antes. A súa finalidade é crear a conciencia de que existe un problema social de gran magnitude en cuxa erradicación debe implicarse toda a cidadanía.



Campaña Municipal "CÓNTAO"

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



UN TOTAL DE 386 XUÍZOS RÁPIDOS NO XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO

No que vai de ano, celebráronse un total de 386 xuízos rápidos no Xulgado Especial de Violencia sobre a Muller, polo que a media sitúase en máis dun caso xulgado ao día. Ademais o Xulgado vigués abriu neste tempo 679 dilixencias previas por denuncias de malos tratos.

Este Xulgado especializado en Violencia de Xénero, que funciona dende xaneiro de 2007, é o primeiro que comezou a funcionar en Galicia. O seu cometido é resolver os casos de malos tratos que se producen no Partido Xudicial de Vigo e Redondela.

BALANCE CAMPAÑA "NA VIOLENCIA DE XÉNERO NON HAI TREGUA"

O 23 de novembro de 2007, a Concellería de Igualdade inaugurou na confluencia das rúas Ronda de Don Bosco con Príncipe un marcador dixital que indica o número de mulleres mortas pola Violencia de Xénero en España co que se pretende facer visible un grave problema social e converter esta traxedia nun problema propio, actuar fronte a novos casos de violencia e previr futuros episodios. O pasado mes de xuño, o marcador foi substituído por outro que funciona cun panel solar e que amosa o compromiso de Igualdade coa preservación do Medio Ambiente.



Campaña Municipal “CÓNTAO”

para aumentar o coñecemento do deber e o dereito cidadán de denunciar os casos de Violencia contra as Mulleres



Dende a súa posta en marcha, este contador convertiuse nun símbolo da denuncia da Violencia contra as Mulleres e está a ser utilizado polos distintos medios de comunicación para ilustrar informacións relacionadas coa Violencia Machista. Esta presenza continua, tanto nos medios escritos, como nas canles de televisión e de radio, logrouse dende o primeiro día cun amplo seguimento desta iniciativa por parte de prensa escrita, axencias de noticias e canles de radio e TV. As principais canles de televisión estatais (TVE, Tele 5, Antena 3, Cuatro e a Sexta) fixeron referencia nos seus informativos ao marcador e mesmo foi protagonista dunha reportaxe e unha tertulia no programa “Acompáñenos” da TVG.

Outro dos elementos da campaña, as siluetas brancas coas que se representaba a cada unha das vítimas, non só tiveron unha ampla repercusión nos medios de comunicación, senón que tamén foron adoptadas polas distintas asociacións de mulleres da cidade. Estes colectivos estiveron periódicamente informados desta iniciativa, que fixeron súa e que comezou con motivo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero o pasado ano.